



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP Plurilingüe Os Casais 15025633
www.edu.xunta.gal/centros/ceiposcasais

CIF: Q6555709B
Lugar da Armada s/n
15520 Maniños-Fene
881930124 Fax: 881930127
ceip.oscasais@edu.xunta.es



galicia

“PLAN DE ACOLLIDA CEIP PLURILINGÜE OS CASAIS”

Setembro 2020

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

ENTRADAS E SAÍDAS

Todas as familias antes de mandar ao seu fillo/a ao centro terá que facer a enquisa de autodiagnóstico.

Cada familia deberá entregar asinada no centro, unha declaración xurada comprometéndose a facer a enquisa todos os días antes de ir ao colexio e a non mandar a o alumno/a en caso de ter algún dos síntomas compatibles coa COVID 19.

E. INFANTIL E PRIMARIA

Entraran en dúas quendas: Os nenos/as que veñan en **bus chegarán ás 8:40/45** e irán a facer as súas filas correspondentes nos lugares asignados e mantendo a distancia de seguridade. **Ás 8:55** chegará o alumnado que **non usa transporte** e farán o mesmo. Unha vez cheguen todos os usuarios entrarán pola porta correspondente a cada curso. Unha vez na aula, desinfectarán as mans, farase un control de temperatura e deixarán as súas pertenzas na súa cadeira.

Saída en filas polas portas adxudicadas a cada curso dende as 13:30. O mestre que imparta docencia no grupo a última hora acompañara ao alumnado ata a saída do recinto do alumnado transportado onde serán recollidos polos coidadores dos buses.

13:30 Infantil

13:40 1º e 2º EP

13:45 3º e 4º EP

13:45 5º EP

13:50 6º EP

Será moi importante o cumprimento estrito por parte de familias e profesorado dos horarios para o bo funcionamento.

En cada porta haberá un profesor de garda, velando por que as entradas sexan ordenadas e polo cumprimento das medidas de seguridade.

Cando varios autobuses coincidan na chegada, baixarán ao alumnado por orde de chegada, tendo que permanecer o alumnado dos outros buses sentados nos seus asentos, ata que a coidadora lles indique.

UBICACIÓN DAS FAMILIAS NAS ENTRADAS E SAÍDAS

- ✓ As familias de todos os niveis educativos deixarán ao alumnado no portal principal e abandonarán a zona para evitar atascos e aglomeracións.
- ✓ Acudirá unicamente un adulto por alumno/a a recollelo e sempre con máscara
- ✓ As familias terán que agardar no coche ata que lle chegue a quenda de saída aos seus fillos/ fillas, e cando se incorpore á entrada mantendo sempre a distancia de seguridade. Non se poden quedar formando grupos na entrada do centro.
- ✓ Será **moi importante deixar totalmente libre a entrada principal para que vaian saíndo os nenos/as**
- ✓ Habilitaranse 4 entradas no centro

A acollida específica para o primeiro día de curso en cada nivel, será engadido neste plan:

Día 10: 4º (horario de adaptación) e 5º de Educación Infantil xunto con 1º, 2º e 3º de Educación Primaria

Día 11: Todo o alumnado.

FLUXO DE MOVEMENTOS DURANTE A XORNADA ESCOLAR

Os movementos polo interior serán reducidos ao máximo para o cal tomamos as seguintes medidas:

- ✓ Usar as aulas específicas, aula de inglés, informática etc. de xeito excepcional. Será o profesor o que imparta con carácter xeral a materia na aula de referencia, salvo música e Educación Física.
- ✓ Controlar o acceso aos baños. Poderase ir de un en un.
- ✓ O centro está sinalizado indicando os sentidos de circulación

AGRUPAMENTO DO ALUMNADO

- E. INFANTIL E PRIMARIA:
 - ✓ O alumnado de E.Infantil e E.Primaria estará en grupos estables de convivencia, nos que se reducirá ao máximo o contacto co resto dos grupos e profesores.
 - ✓ Os grupos farán recreos en espazos diferenciados.
 - ✓ Cando falte un mestre dun destes grupos, sempre que sexa posible cubrirá a ausencia un mestre que imparta clase no grupo.

Ao non ter aulas de máis de 18 alumnos garantimos a distancia de seguridade de 1,5 m.

TITORÍAS

- ✓ As titorías serán os martes de 16: 00 a 17:00 como ven sendo habitual.
- ✓ Pedirase cita polos medios habituais, Abalar , teléfono ou mail
- ✓ A titoría será por norma xeral a través de videoconferencia (aplicación que proporcione a Consellería) ou telefónica (o mestre chamará á familia no horario fixado).

Será o a dirección quen decida, escoitada a familia e/ou o profesor, da necesidade de que a titoría sexa presencial. Neste caso farase na aula de referencia do alumnado. Como é lóxico, a xuntanza farase mantendo as medidas hixiénico sanitarias e de separación contempladas con carácter xeral.

As xuntanzas de principio de curso coas familias, serán telemáticas ou por teléfono.

Na web do centro publicarase toda a información xeral do centro relevante e enviarase a través Abalar móbil o enlace correspondente.

O profesorado empregará Abalar móbil como ferramenta de comunicación preferente coas familias, polo que será necesario a colaboración das mesmas descargando a aplicación e dándose de alta na mesma.

CLAUSTROS E REUNIÓNS, CONSELLO ESCOLAR E XUNTANZAS DO ANPA

- ✓ As xuntanzas de órganos colexiados faranse como regra xeral de xeito telemático, empregando a aplicación que proporcione a Consellería. Toda a información relativa aos mesmo será facilitada por correo electrónico.
- ✓ Cando algún dos membros dun dos órganos considere a necesidade de que a xuntanza sexa presencial, comunicarallo á dirección, que decidirá unha vez feita unha sondaxe entre o resto de membros.
- ✓ Cando unha reunión sexa presencial desenvolverase na sala de mestres ou no ximnasio para facilitar o distanciamento.
- ✓ Como norma xeral, tanto as xuntanzas da ANPA como do Consello Escolar, desenvolveranse por medios telemáticos



- ✓ Cando a situación pola súa excepcionalidade, obrigue a que estas sexan presenciais; serán realizadas na sala de mestres ou ximnasio para así poder garantir as distancias de seguridade.
- ✓ A decisión sobre a excepcionalidade a tomará o Equipo Directivo.

USO DA MÁSCARA NO CENTRO

- ✓ Obrigatorio para o todo o alumnado en todo momento, salvo nas actividades físicas no exterior cando se poida asegurar un distanciamento de 2m e nos casos que polas características persoais e médicas debidamente xustificadas así o aconsellen.
- ✓ O profesorado deberá dar exemplo empregando a máscara en todo momento e situacións. A única excepción contemplase para PT e AL en situacións concretas, polas características do traballo. Nestes casos se empregaran mamparas ou viseiras protectoras e garantirase un distanciamento suficiente.
- ✓ Teñen consideración de condutas leves contrarias á convivencia os supostos de incumprimento polo alumnado do uso da máscara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do presente protocolo.
- ✓ Polo que se respecta ao profesorado e persoal non docente estarase ao previsto na súa normativa.

NORMAS DE REALIZACIÓN DE EVENTOS

- ✓ Os eventos masivos que se viñan celebrando habitualmente no centro, Magosto, Entroido, Festival e outras actividades de fin de curso, non se celebrarán co fin de evitar aglomeracións.
- ✓ As celebracións recollidas no calendario escolar, abordaranse en cada titoría.
- ✓ As excursións recreativas de fin de curso que se viñan organizando, quedarán suspendidas mentres a situación sanitaria así o aconselle.

USO DOS ASEOS

- ✓ O alumnado empregará os aseos existentes na zona que lle corresponda á súa aula (haberá 1 aseo designado a cada curso)
- ✓ Respectaranse os labores de limpeza e desinfección, polo que aqueles que estean sinalizados nese intre con eses distintivos non poderán ser empregados.
- ✓ A limitación de aforo para os baños será a un usuario, e para controlalo haberá un sistema de “semáforo”, que indicará se o baño está libre ou non.
- ✓ Todos os aseos terán cartelaría sobre o correcto lavado de mans.

RECREOS


Haberá 2 quendas de recreo:

1º de 10.30 a 10.45

2º 11:35 a 11:50

O patio estará dividido en 5 zonas, manexando dous supostos:

- a) que o chan estea mollado (debido a choiva recente); nese caso a disposición dos espazos sería a seguinte (ver imaxe):



- b) que o chan estea seco; neste caso a disposición e repartimento dos espazos sería a seguinte (ver imaxe):



- ✓ Cada grupo irá rotando dunha zona a outra, excepto infantil que sempre estará na súa propia.
- ✓ Os grupos farán as entradas e saídas pola zona que teñen asignada para entrar e saír pola mañá e ao mediodía.
- ✓ Estarán prohibidos os xogos con balón e outros materiais compartidos.
- ✓ As merendas serán preferiblemente no exterior. Cando se fagan nas aulas, serán sempre coas ventás abertas.
- ✓ No centro non se poderá compartir comida. (Tampouco nos aniversarios)
- ✓ Os días de choiva o alumnado permanecerá na aula. Durante este tempo as ventás permanecerán abertas para favorecer a ventilación.

COMEDOR

O comedor está xestionado pola ANPA e de momento están cunha sondaxe para comprobar a viabilidade do mesmo en tempos de COVID.

XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS DAS FAMILIAS NO CENTRO

O horario de atención ás familias será de 12:00 a 13:00 horas de luns a venres, intentando facer as xestións de forma telemática ou telefónica.

- ✓ Se é imprescindible, antes de acudir é importante chamar e pedir cita previa antes por si a xestión pódese facer de xeito non presencial.
 - ✓ Cumprir as indicacións da Conserxe ou persoal docente no acceso ao centro.
 - ✓ Acudir con máscara, desinfectarse na entrada e seguir os sentidos de circulación indicados no chan.

MEDIDAS DE HIXIENE E PROTECCIÓN.

Neste apartado enumeramos as medidas tomadas. O seu desenvolvemento aparece recollido no Plan de Adaptación á situación Covid – 19 para o curso 2020 – 2021.

- ✓ Creación do Equipo Covid .
- ✓ Creación dun espazo de illamento ante posibles casos.
- ✓ Dotación do centro de todo o material necesario e organización da súa ubicación e reparto.
- ✓ Planificación de desinfeccións e ventilación dos espazos durante a xornada lectiva e elaboración dun plan de limpeza do centro.
- ✓ Limitar ao máximo os contactos entre os diferentes grupos de alumnos/as



ACCIÓNES FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMETO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

No Plan de Continxencia do Centro aparecen recollidas e desenvolvidas estas medidas que enumeramos:

- ✓ Fomentarse a formación do equipo docente, naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.
- ✓ A maior parte do profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar as aulas virtuais. De todas formas, nas primeiras semanas de curso, ofrecerase formación por parte dos Coordinadora para que todo o profesorado poida facer uso da aula virtual.
- ✓ Cada profesor será responsable de publicar e xestionar o seu espazo na aula virtual. Contarán co apoio e asesoramento da Coordinadora das mesmas.
- ✓ Durante as primeiras semanas de clase cada profesor/a de Primaria familiarizará co funcionamento da súa aula virtual ao alumnado. En Infantil informarase ás familias do seu funcionamento.

ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

- ✓ Potenciarase a educación para a igualdade tendo presente o que supuxo o confinamento neste eido.
- ✓ Axudar ao alumnado a identificar as súas emocións ante as novas situación e as situacións cotiás. A expresión das emocións e dos estados de ánimo terán cabida diaria nas clases con actividades variadas relacionadas coa animación lectoescritora e dixital, os hábitos de estudo, a resolución de conflitos, a expresión e xestión das emocións,..
- ✓ Evitar a toxicidade, os xogos de infección, bromas de mal gusto, alcumes relacionados co virus, ...
- ✓ Falarase sobre o contaxio, a cura,.. Desenvolveranse acción relacionadas coa empatía e non discriminación.
- ✓ O respecto ao resto de compañeiras e compañeiros, aos seus materiais e espazos será un traballo cotiá



- ✓ Sensibilizar de cara a como manter contacto afectivo, de interese e de compañeiras e compañeiros co alumnado enfermo a través de medios dixitais.
- ✓ Traballar a responsabilidade individual para frear a transmisión do virus.
- ✓ Incidirase sobre como manter a calma, ser positivas e positivos e enfocarse en que si poderemos controlar o virus.
- ✓ Traballaranse aspectos novos sobre como interaccionar, saudarse, despedirse ... Buscar alternativas ás apertas, os bicos,... habilidades sociais.
- ✓ Traballaranse os aspectos cooperativos dentro de unha metodoloxía globalizada tendo presentes sempre as medidas de prevención no que se refire a contactos e distancias.
- ✓ Insistirase na xestión e resolución pacífica de conflitos, terase especial coidado con aqueles que poidan xurdir con motivo da COVID 19 (invasión de espazos, tocar materiais doutras persoas, mantemento das medidas hixiénicas,...)
- ✓ Aprender a poñer filtros á cantidade e calidade da información, evitando mentiras, sobrecarga ou xerar pánico...
- ✓ Atopar maneiras novas para o tempo de lecer e para establecer rutinas cando non poidamos ter actividade presencial no centro.
- ✓ Fomentar a conciencia social e como podemos axudar en tempos de COVID 19
- ✓ Buscaranse estratexias para diminuír estados típicos da época de pandemia: ansiedade, medo, pánico, rabia, ... a través do autocontrol, da relaxación.
- ✓ Traballaranse en todos os proxectos e temáticas de xeito transversal a educación para a saúde, a educación medioambiental, a educación para a igualdade.
- ✓ Indicar as diferenzas entre prevencións, rutina e condutas obsesivas ante o virus
- ✓ Poderemos usar materiais da carpeta dixital “materiais de acollida”, contos, xogos,...



REUNIÓN XERAL DE INICIO DE CURSO 2020/2021

- ✓ Prégase puntualidade nas entradas e saídas ao centro cumprindo o horario establecido.

Entradas:

Alumnado que usa o autobús (8:40/8:45)

Resto de alumnado (8:55)

Saídas:

EI (13:30)

1º,2º,3º e 4º EP (13:40)

5º EP (13:45)

6º EP (13:50)

- ✓ Poderá acompañar ao alumnado ata o portal exterior do centro soamente unha persoa adulta con máscara.
- ✓ Habilitaranse 4 portas diferentes de entrada no centro.
- ✓ Nas saídas non deberán quedar alumnados agrupados nin xogando no exterior.
- ✓ Cubrir/revisar de forma diaria a autoenquisa do protocolo COVID 19.
- ✓ No suposto de que un adulto leve a outr@s nen@s diferentes aos seus fill@s deberá de firmar unha autorización.
- ✓ De ser o caso, actualizar datos familiares (teléfono, dirección, correo...).
- ✓ Se houberse un gromo os datos das persoas implicadas deberanse de facilitar ao SERGAS.
- ✓ As comunicacións faranse a través do AbalarMobil, Whatsapp do centro, mail e a aula virtual se fose necesario (usando o contrasinal do curso anterior).
- ✓ A axenda escolar NON se utilizará como medio de comunicación, só para a organización escolar dos nenos/as.
- ✓ Non está permitido traer obxectos persoais. De non cumprirse, o centro non se fará responsable dos mesmos.
- ✓ O material que leven para a casa e o que traian ao centro terá que ser desinfectado.
- ✓ Faranse lavados de mans continuados ao longo da mañá e a aula airearase reiteradamente.
- ✓ O alumnado traerá unha segunda máscara de reposto e un estoxo na que poder gardalas.
- ✓ O non cumprimento do uso da máscara entre o alumnado supón unha falta

nas normas de convivencia.

- ✓ O patio parcelarase por cursos para evitar o contacto de alumnado de diferentes aulas.
- ✓ Cada nen@ traerá un rolo de papel e unha caixa de panos para o seu uso na aula.
- ✓ O material esquecido na aula non poderá ser recollido ata o día seguinte, xa que polas tardes o centro permanecerá pechado.
- ✓ Todo o material de traballo que traian terá que estar etiquetado co nome.
- ✓ O alumnado traerá roupa cómoda que lles permita poñela e quitala de forma autónoma e tamén terá que estar etiquetada co nome.
- ✓ Preferiblemente e, de ser o caso, traerán o pelo recollido para facilitarlles o uso da máscara.
- ✓ As merendas tráense da casa cumprindo a organización semanal das mesmas e non se poderán compartir. É importante traballar c@s nen@s na casa para que sexan o máis autónomos posible á hora de merendar (pelar a froita, abrir o iogur...).
- ✓ Terán que traer unha botella de auga reutilizable para evitar o consumo de plástico.
- ✓ Non está permitida a entrega de invitacións de aniversario no centro.
- ✓ Durante o curso contaremos cunha persoa auxiliar de conversa en lingua inglesa.
- ✓ Continuaremos traballando coa aula virtual polo que deberedes mandarlles de momento aos nenos/as 3º e 4º na axenda o contrasinal e usuario para poder traballar dende o cole.
- ✓ Faremos 2 recreos: un ás 10:30 de 15 minutos e outro ás 11:35 tamén de 15 minutos.
- ✓ Os libros de préstamo terán que ser debidamente utilizados e coidados.
- ✓ Traballar tod@s de forma conxunta co alumnado tanto no centro como na casa para concienciar e normalizar as medidas necesarias a levar a cabo (uso da máscara, lavados correctos de mans, manter as distancias...).